

Bases do Concurso CinEOI Coruña Curtas 2016

O **Equipo dinamización lingüística da Escola Oficial de Idiomas da Coruña** convoca o **VI Festival CinEOI Coruña Curtas** co obxectivo de promover a creatividade audiovisual en galego, que se rexe polas seguintes bases:

1. O tema das curtametraxes é libre e a súa duración non superará os **10 minutos**.
2. As obras deben ser en **lingua galega** e poden incluír subtítulos nalgunha das linguas estudadas nas EOI.
3. A obra presentárase en formato dixital e poderá realizarse con calquera medio de gravación (videocámara, cámara dixital, cámara de móbil, tableta, etc.).
4. Acéptanse traballos do 2015, sempre que non participasen xa no CinEOI Coruña Curtas.
5. Haberá dúas categorías:
 - **Categoría absoluta**, na que pode participar todo o alumnado matriculado no curso 2015-2016 en calquera das Escolas Oficiais de idiomas da provincia da Coruña e as súas seccións: EOI da Coruña, EOI de Santiago de Compostela e a EOI de Ferrol. Poden participar alumnado da Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo e o Conservatorio Profesional de Música da Coruña.
 - **Categoría xuvenil e infantil**, na que poden participar estudantes de 3º ciclo de Primaria, ESO, Bacharelato e FP dos centros públicos e concertados do Concello da Coruña e do IES Manuel Murguía de Arteixo.
Chega con que un dos autores ou compoñentes do equipo estea matriculado nun dos devanditos centros educativos. Un mesmo autor poderá presentar máis dunha curta.
6. Establécense os seguintes premios:
 - **Categoría absoluta**
 - Primeiro premio: **350 €** Outorgado por unha empresa local
 - Segundo premio: **Curso de Interpretación ou de Cámara e Realización ou Guión para catro persoas impartido por Voz Audiovisual** Outorgado por lo **Concello da Coruña**
 - Terceiro premio: **250 €** Outorgado polas **Escolas Oficiais de Idiomas**
 - **Categoría xuvenil e infantil** Todos os premios desta categoría son outorgados por **Gadis**:
 - Primeiro premio: **250€**
 - Segundo premio: **150€**
 - Terceiro premio: **100€**
 - **Premio á mellor fotografía: 150 €** Outorgado pola **ESAD Mestre Mateo de Santiago de Compostela**.
 - **Premio á mellor música ou canción orixinal: 60 €** Outorgado por **Musical 47**
7. A data límite de recepción de curtas será o **5 de abril de 2016**.
8. As curtas presentaranse a través de calquera dos seguintes medios:
 - na conserxería da EOI da Coruña, presencialmente ou por correo postal;

- por vía telemática, a través de calquera plataforma de transferencia online de ficheiros, enviando a ligazón de descarga ao correo endl.corunha@gmail.com;
 - en calquera dos casos deben figurar os seguintes datos: **CinEOI Coruña Curtas (ENDL)**, nome da obra, duración, nome do autor/es, enderezo email, centro no que estuda e, no caso do alumnado das Escolas de Idiomas, tamén curso, grupo e idioma.
9. Non se admiten obras que inciten ao racismo, á xenofobia, á violencia de xénero, á homofobia ou que atenten contra a dignidade da persoa. A comisión de selección decidirá que traballos son admitidos.
 10. Os participantes da categoría **á mellor música ou canción orixinal** deben declarar mediante o modelo que se facilitará nos centros colaboradores e na páxina web, que as pezas son orixinais e que ceden os seus dereitos á dirección da curta para a súa sincronización coas imaxes. Os centros educativos, persoal organizador e xurado non se fan responsables da veracidade da declaración e, polo tanto, das consecuencias legais que poida ocasionar este feito.
 11. Os autores e autoras das curtametraxes ceden gratuitamente os dereitos das súas obras para facer uso delas para exhibilas e duplicalas sen fins comerciais ata finais deste ano co fin da promoción do concurso. Calquera apropiación indebida de dereitos de autor ou autoría na curtametraxe é responsabilidade da persoa que a inscribiu.
 12. O xurado estará composto por recoñecidos membros do sector audiovisual e cinematográfico galego.
 13. O Festival de Curtas CinEOI celebrarase os días 19 e 20 de abril 2016. A proxección de curtas entregadas a concurso será o **19 de abril**. O **20 de abril** será a **Gala de entrega de premios CinEOI 2016** EOI da Coruña.
 14. A participación neste concurso implica a aceptación destas bases.

